



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003596

RESOLUCIÓN Nº 27035/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña:

Por resolución da presidencia n.º 24156, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de ciencias sociais e xurídicas e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: ALEJO JAIME, ANTONIO

Expediente: 2019000011751

Título do proxecto obxecto da bolsa: Cidades, territorio e gobernanza multinivel en Galicia: Coruña Próxima 2030.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: COLLADO RODRÍGUEZ NOELIA

Expediente: 2019000011780

Título do proxecto obxecto da bolsa: O consumidor ante as novas realidades do mercado financeiro.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: MARTÍNEZ CABRERA, ELENA

Expediente: 2019000011721

Título do proxecto obxecto da bolsa: Vislumbre. VISibilizando os Lazos entre Usos do Monte e Benestar para a xestión adaptativa en Reservas da biosfera.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: TOMÉ LOURIDO, DAVID

Expediente: 2019000010023

Título do proxecto obxecto da bolsa: Influencia dos estilos cognitivos na identidade social, desconexión moral e violencia nos afeccionados de fútbol en Galicia.

Importe da bolsa: 8.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, do seguinte xeito:

* 24.000 € con cargo ao documento contable A, operación nº 220190014230.

* 8.000 €, con cargo ao documento que se expida, logo de minorar o documento contable A, operación nº 220190014233, e o seu correspondente RC, operación nº 220190003971, de acordo co establecido nas resolucións nº 24154 (expediente 2019000003595) e nº 24156 (expediente 22019000003596).

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Correa Chica, Jully Andrea

Suplente 2: Regueiro Fernandez, Bibiana

Suplente 3: Sukucharczyk, Martyna

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.